



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE IGUALDAD

Concello de Ortigueira

NORMAS DA ACTIVIDADE CAMPAMENTOS URBANOS RECREATIVOS 2025

Obxecto.-

A realización do programa de verán denominado Campamentos Urbanos recreativos 2025, dirixido a nenos e nenas empadroados no Concello de Ortigueira.

As actividades realizaranse con frecuencia semanal, cun máximo de 30 prazas por semana, segundo as características que se sinalan a continuación.

Datas: meses de xuño, xullo e agosto de 2025, nas seguintes semanas:

- Xuño -, semana do 23 o 27 de xuño.
- Xullo, semanas do 30 de xuño ao 4; de 14-18; 21-24; 28-1 agosto.
- Agosto, semanas do 4-8; do 11-14; de 18-22; de 25-29.

Total: 9 semanas.

Idades dos participantes: de 4 a 11 anos.

Horario:

con Almorzos de 8.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Sin almorzos, de 9,30 a 14.00 horas, de luns a venres.

Non haberá actividade os días festivos.

A actividades constan de dúas fases: almorzos e actividades, de tal modo que os alumnos que escollan os almorzos deberán incorporarse en horario de 8 a 10. As 9.30 incorporaranse o resto dos alumnos.

Contido da actividade:

a.- almorzos: actividades de inicio da xornada, incluíndo alimentos de almorzo, variados cada día: leite, froitas, iogures, pan ou alimentos axeitados en caso de intolerancias ou alerxias alimentarias. En horario de 8:00 a 9.30 horas. Inclúe actividades nese período.

b.- actividades. Durante toda a mañá, en Horario de 9.30 a 14.00 horas.

Nestes horarios, e segundo a programación que se presente, deberán realizarse actividades propias de ocio e recreación, xogos, deportes, excursións, obradoiros o aire libre, e similares..

Instalacións dispoñibles facilitadas polo Concello de Ortigueira:

- Para almorzos, unha instalación cuberta (a determinar).
- Pistas o aire libre.
- Instalacións Deportivas municipais: pistas o aire libre ou polideportivo municipal.
- Instalacións de uso xeral o aire libre, como parques, praias, e similares.

Inscripcións e preferencias:

A actividade está dirixida a nenos/as empadroados/as no Concello.

Teñen prioridade os interesados que soliciten a actividade por Conciliación familiar e así o xustifiquen adecuadamente. Neste caso os criterios serán os económicos, tendo prioridade os participantes de menores ingresos na unidade familiar ata completar a totalidade das prazas.

As prazas non cubertas poderán atribuírse aos solicitantes empadroados que non soliciten ou xustifiquen conciliación familiar e por sorteo.

Os que aleguen conciliación familiar deberán presentar a documentación seguinte si é requirida polo Concello de Ortigueira:

- Libro de familia ou similar.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE IGUALDAD

Concello de Ortigueira

- Dni dos proxenitores ou titor e do menor.
 - Certificado das empresas dos proxenitores coas condicións e horario de traballo, sempre que afecte a conciliación ou documento similar.
 - Declaración do Irpf do 2024 ou certificado de ingresos ou de non ter que presentala.
 - Informe de servizos sociais municipais si fora o caso.
- Si a documentación xa fora presentada, se valorará de oficio.

PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ENSINANZAS ESPECIAIS, ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE E ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Horario B, de 9.30 a 14 horas: 20 euros/semana.

Horario A, de 8 a 14 horas (inclúe almozos): 30 euros/semana.

(Se na semana de actividades houbera algún festivo, este non se cobrará.)

CONDICIÓNS

Os solicitantes deberán aceptar as seguintes condicións:

- “- que o menor solicitante da actividade está empadroado no termo municipal de Ortigueira.
- que teñen preferencia na distribución de prazas os solicitantes que aleguen e xustifiquen Conciliación familiar, segundo baremos económicos.
- que no caso de mais solicitudes que prazas, a distribución farase por sorteo.
- que autoriza o Concello de Ortigueira a verificación da información presentada.
- os horarios de acceso a actividade son as 8 e as 9.30 horas, segundo a opción escollida”

Prazo de inscrición: desde a convocatoria ata o 20 de xuño.

Posteriormente solo se admitirán novas inscricións si existen vacantes na actividade.

As prazas de conciliación familiar seguen estes mesmos criterios: non teñen preferencia despois de pechado o prazo de inscrición.

